



FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	Nome da boa práctica:
	Esta práctica céntrase na “Promoción Profesional” e igualdade de oportunidades na promoción interna, especialmente en postos e grupos profesionais onde están infrarrepresentadas.
	Entidade que a promove:
	Votorantim Cementos España, S.A
	Concello:
	Vigo, Pontevedra, España

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

A compañía detectou que as mulleres estaban infrarrepresentadas en postos de responsabilidade e en grupos profesionais de maior categoría. Isto debíase en parte á masculinización histórica do sector e á falta de programas específicos que promovesen activamente a participación das mulleres nestes roles.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

Votorantim implementou programas de identificación e desenvolvemento de talento interno, co obxectivo de crear unha base de datos de mulleres e homes cualificados que poidan promocionar a posicións de maior responsabilidade. Tamén estableceron programas de desenvolvemento de habilidades directivas dirixidos a persoas con potencial para ascender na organización. Estas iniciativas complementáanse con campañas de visibilización das mulleres que foron promocionadas dentro da empresa, e coa participación en foros de promoción do talento feminino. Ademais, priorízase a promoción interna fronte á contratación externa para cubrir vacantes en todos os grupos profesionais.

RESULTADOS OBTIDOS

Coa implantación destas medidas levou un aumento no número de mulleres que foron promocionadas a roles de maior responsabilidade dentro da empresa. Os programas de desenvolvemento proporcionaron ás traballadoras as habilidades necesarias para asumir posicións de liderado, o que contribuíu a reducir a brecha de xénero nos niveis superiores da organización.